

28. FEITOS POSTERIORES AO PECHE

1. Aprobación polo Pleno da Corporación dun Plan Económico Financeiro por Incumprimento da regra do gasto na liquidación do ano 2014

De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril e Orden Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro, o Pleno da Corporación aprobou un Plan Económico Financeiro como consecuencia do incumprimento do límite da regra de gasto reflectido na liquidación de 2014.

Dito Plan aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de abril de 2016, atopándose actualmente remitido e pendente de aprobación polo órgano de tutela da Comunidade Autónoma.

A tal efecto, remitirase os resultados da liquidación do exercicio 2015, que forma parte da presente Conta Xeral, así como os do informe de estabilidade e de avaliación de cumprimento da regra de gasto emitidos pola Intervención municipal (informes 287/2016 e 372/2016).

2.- Evolución das dotacións ás provisións por responsabilidade contabilizadas no exercicio 2015.

No exercicio 2015 dotáronse por primeira vez provisións para responsabilidades derivadas, esencialmente, de reclamacións xudiciais interpostas, sendo as máis relevantes as reclamacións en materia de persoal, contenciosos polas empresas que prestan o servizo de transporte colectivo, reclamacións de pagamentos, reclamacións en materia de ingresos, entre outros.

Como acontecementos posteriores ao peche, hai que subliñar a recepción ao longo do exercicio 2016 de sentenzas firmes, que implicaron en algún dos casos a imputación a orzamento das contías previamente dotadas, sendo as máis relevantes:

- Sentenza recaída no P.O. 635/2012, relativa á liquidación do transporte urbano 2008, sendo terceiro a UTE Autobuses Urbanos de Lugo y Trapsa. Importe, 135.589,50 euros.
- Sentenza recaída no P.O. 624/2012, relativa á liquidación do transporte urbano 2011, sendo terceiro UTE Autobuses Urbanos de Lugo y Trapsa. Importe, 124.423,23 euros.

- Pagamento de intereses, P.O. 346/2007 por importe de 18.562,85 euros.
- Pagamento de intereses, P.O. 779/2009, por importe de 7.206,85 euros.

Asemade, atópanse pendentes de executar outras sentenzas das que xa se coñece o senso desfavorable, como é o P.O. 480/2014 por importe de 135.726,13 euros ou o contencioso polo edificio do parque comarcal de bombeiros, cuxa reclamación ascendía a 1.181.118,25 euros.

3.-Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento

As facturas pendentes de imputar ao orzamento a 31 de decembro de 2015 ascendían a 432.622,88 €. Á data actual, o saldo da conta 413 rebaixouse a 227.855,29 euros, ben sexa por pagamento ou por anulación dos documentos que constituían o seu soporte documental.

Tramitáronse dous expedientes de modificación de crédito, crédito extraordinario 01 e suplemento de crédito 01, nos que se dotou de crédito para a aplicación a orzamento das operacións pendentes e imputadas á conta 413 nalguna das súas subdivisionarias, financiándose con remanente líquido de tesourería para gastos xerais reflectido na liquidación.

4.- Remanente líquido de tesourería reflectido na liquidación de 2015

O Pleno da Corporación aprobou dous expedientes de modificación de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 1.086.374,76 euros, o expediente 2016/CREXT/01 e 2.935.071,08 euros, o expediente 2016/SUPLE/01. Neste último contéplase crédito para amortización anticipada de débeda por importe de 1.646.911,95 euros. Outras finalidades contempladas nos citados expedientes son a financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibles e a habilitación de crédito para facer fronte a acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento a 31/12/2015.

Ditos expedientes tramitáronse ao abeiro dos artigo 32 e disposición adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a disposición adicional 16ª do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

5.-Ingresos pendientes de aplicación, pagos pendientes de aplicación

A 31/12/2015 os ingresos pendientes de aplicación ascenderon a 602.357,91 euros, os cales irán sendo aplicados a medida que dispoña información a súa orixe.

A 31/12/2015, o importe dos pagamentos pendientes de aplicación, especialmente derivados do sistema de pagamento consistente en domiciliacións bancarias naqueles supostos excepcionais nos que se mantén, ascendía a 15.028,42 euros, os cales deberán ser aplicados ao orzamento mediante o procedemento previsto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.